

Orientacións para o informe final individualizado:

Medidas de Atención á Diversidade que se aplicaron neste curso.

- Agrupamento flexible
- Medidas de reforzo ...
- Apoio en grupo ordinario / Apoio ocasional fora do grupo ordinario
- Adaptación curricular
- Diversificación curricular
- Exención ...
- Non necesitou /non se aplicaron

Avaliación continua, sobre o progreso do alumnado, a recuperación de materias pendentes.

- Moi satisfactorio (SB/NT)
- Satisfactorio. (BE/SU)
- Pouco satisfactorio (ata tres suspensas)
- Nada satisfactorio (máis de tres suspensas)

E propostas de mellora referidas ás medidas de atención á diversidade para o seguinte curso.

Desenvolvemento das competencias básicas e dos obxectivos xerais. Cos termos do tipo:

- A) Excelente/alto/bo
- B) Aceptable/medio/regular
- C) Baixo/escaso

coa mención neste último caso ás competencias acadadas e as non acadadas globalmente.

Valoración do PI feita polo profesor correspondente (1º curso), con referencias ao progreso nas competencias traballadas, ao interese e calidade na participación das tarefas propostas así como a colaboración e interacción co grupo de traballo:

- Moi satisfactorio
- Satisfactorio
- Pouco satisfactorio
- Nada satisfactorio

Observacións que se consideren de interese para o desenvolvemento educativo do alumno, tales como a situación socio-familiar, abandono de materias, absentismo escolar ou dificultades de convivencia, expedientes etc.

O Equipo Directivo

Avaliación ordinaria 2014-2015

Ao profesorado:

- Para cumprimentar as táboas de competencias, consignarase o grao de adquisición das mesmas marcarase coas claves "A, B ou C" segundo o previsto na programación didáctica. O último día para pasar as competencias as táboas é o **xoves 18**.
- O último día para pasar as notas (ao XADE) é o **domingo 21**. Deberase poñer, de selo caso, RE ou ACS segundo corresponda. Cubriremos as campos da 3ª Aval. e da Ordinaria.

As reunión de avaliación ordinaria desenvolveranse o **luns 22** de xuño, co horario seguinte:

| | | | | | | | | | | |
|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| 9.00 | 09.45 | 10.30 | 11.15 | 12.00 | 12.45 | 16.00 | 16.45 | 17.30 | 18.30 | 19.30 |
| 3ºA | 3ºB | 3ºC/D | 2ºA | 2ºB | 2ºC | 4ºA | 4ºB/D | 1ºA | 1ºB | 1ºC |

Para o correcto desenvolvemento destas sesións lémbrese a tódolos membros do claustro:

- A asistencia é obrigatoria, polo que, todas as ausencias deberán ser xustificadas documentalmete, non podendo atender outros asuntos, como a atención a nais e pais, durante o desenvolvemento das mesmas,
- Procurarase o axuste da sesión ao previsto para tratar de manter o horario establecido. Non obstante, as posibles demoras das sesións non xustificarán a non asistencia ás mesmas.
- Asinaranse as actas de asistencia e de cualificacións na mesma sesión.

Os/as titores/as:

- Procurarán que o profesorado do seu grupo complementa as táboas de competencias no prazo previsto. Á vista das valoracións feitas polo equipo de profesores no seu conxunto, proporán para cada alumno/a da súa titoría, as valoracións globais das competencias e que pasarán ao XADE no apartado CAPACIDADES, como máis tarde o **domingo 21**.
- Velarán polo asinado da **acta de asistencia** á xunta na que anotarán os acordos e incidencias da mesma e as da **acta de cualificacións**; que entregarán ao remate da sesión á Xefatura de Estudos, xuntamente coa **estatística** de resultados.
- Entregarán os boletíns ao alumnado, o **martes 23** ás 10.00h, ao que incorporarán as observacións feitas polo profesorado na xunta de avaliación e que se considere oportuno comunicar ás nais e pais ou titores legais, referente a evolución académica, comportamento, medidas adoptadas, etc. Compre que as **faltas de asistencia do alumnado**, estean ao día, para que así saia o reconto das mesmas no informe de cualificacións.
- Os **informes finais** poderanse cumprimentar no XADE ata o **xoves 26** de xuño para todo o alumnado agás, o apartado de desenvolvemento das competencias e os obxectivos que só poderá ser completado de momento para o alumnado que aprobe todo en xuño.